

acumulativas netas de dereitos especiais de xiro recibidas conforme o artigo XVIII polos participantes que se describen na letra c) deste parágrafo á data en que o país membro pase a ser participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro máis as asignacións recibidas polos ditos participantes consonte o disposto no parágrafo 1, e a suma das asignacións acumulativas netas de dereitos especiais de xiro recibidas conforme o artigo XVIII polos ditos participantes ó 19 de setembro de 1997 máis as asignacións recibidas polos devanditos participantes conforme o disposto no parágrafo 1.

c) Para os efectos dos axustes que se terán que realizar conforme o establecido na letra b) deste parágrafo, consideraranse participantes no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro os países membros que sexan participantes a 19 de setembro de 1997 e: i) que sigan sendo participantes no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro na data en que o país membro pase a ser participante dese Departamento, e ii) recibisen todas as asignacións efectuadas polo Fondo despois do 19 de setembro de 1997.

3. a) Con suxeición ó disposto no parágrafo 4, se a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) sucede á antiga República Federativa Socialista de Iugoslavia como país membro do Fondo e participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro de conformidade cos termos e condicións da Decisión número 10237-(92/150) do Directorio Executivo, adoptada o 14 de decembro de 1992, recibirá unha asignación de dereitos especiais de xiro equivalente a un montante calculado consonte o disposto na letra b) deste parágrafo, no trixésimo día a partir: i) da data en que a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) asuma a sucesión como país membro do Fondo e participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro de conformidade cos termos e condicións da Decisión número 10237-(92/150) do Directorio Executivo, ou ii) da data de entrada en vigor da cuarta emenda do presente convenio constitutivo, se esta data fose posterior á primeira.

b) Para os efectos do disposto na letra a) deste parágrafo, a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) recibirá un montante de dereitos especiais de xiro que elevará a súa asignación acumulativa neta ó 29,315788813 por 100 da cota proposta en virtude do parágrafo 3.c) da Decisión número 10237-(92/150) do Directorio Executivo, cos axustes dispostos no parágrafo 2.b).ii) e c) á data en que a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) reúna as condicións para recibir unha asignación segundo o disposto na letra a) anterior.

4. O Fondo non lle asignará dereitos especiais de xiro a teor do disposto neste anexo a) ós participantes que lle notificasen por escrito ó Fondo antes da data da asignación que non desexan recibila dita asignación.

5. a) Se o participante ten obrigas en mora fronte ó Fondo no momento en que se efectúa unha asignación a este participante de conformidade co disposto nos parágrafos 1, 2 ou 3, os dereitos especiais de xiro asignados desta maneira dispoñeranse e manteranse nunha conta de depósito bloqueada no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro e liberaráselle ó participante cando este cumpra coa totalidade das súas obrigas fronte ó Fondo.

b) Os dereitos especiais de xiro que se manteñen nunha conta de depósito bloqueada non se poderán utilizar en ningunha forma nin se incluírán no cálculo de asignacións ou tenzas de dereitos especiais de xiro para os efectos do convenio constitutivo, agás no caso dos cálculos previstos no presente anexo. Se os dereitos especiais de xiro asignados a un participante están reti-

dos nunha conta de depósito bloqueada no momento en que conclúa a súa participación no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro ou cando se decida disolver este departamento, os ditos dereitos especiais de xiro serán cancelados.

c) Para os efectos do disposto neste parágrafo, as obrigas en mora fronte ó Fondo comprenden as recompras e os cargos en mora na Conta de Recursos xerais, o principal e os xuros en mora sobre os préstamos na Conta Especial de Desembolsos, os cargos e as contribucións en mora para o funcionamento do Departamento de Dereitos Especiais de Xiro e as obrigas en mora fronte ó Fondo na súa calidade de fiduciario.

d) Agás o disposto neste parágrafo, manterase o principio de separación entre o Departamento Xeral e o Departamento de Dereitos Especiais de Xiro e o carácter incondicional dos dereitos especiais de xiro como activo de reserva.

**9124** *REAL DECRETO LEI 7/1999, do 23 de abril, polo que se aproban e decláran de interese xeral as obras de rexeneración hídrica incluídas no conxunto de actuacións «Doñana 2005». («BOE» 98, do 24-4-1999.)*

Polo Real decreto 357/1984, do 8 de febreiro, de modificación do plan de transformación da zona regable con augas subterráneas de Almonte-Marismas, aprobouse a rexeneración hídrica de Doñana que debía permitirla recuperación dos caudais tradicionais afluentes á marisma do parque nacional do mesmo nome, a través do cano Guadiamar, ás condicións existentes antes dos grandes procesos de transformación experimentados polo territorio a mediados do presente século.

O paso do tempo transcorrido desde a aprobación do citado real decreto demostrou a insuficiencia das medidas previstas nel. Paralelamente, a catástrofe derivada da rotura da balsa mineira de Aznalcóllar xustificou unha revisión con profundidade das estratexias en marcha para posibilita-la citada rexeneración hídrica.

Pola súa banda, o Padroado do Parque Nacional de Doñana aprobou, por proposta da representación do Ministerio de Medio Ambiente, con data do 14 de xullo de 1998, a posta en marcha do denominado proxecto «Doñana 2005» que consta dun conxunto de actuacións de carácter xeral sobre as bacías e leitos vertentes á marisma do Parque Nacional de Doñana (bacías do río Guadiamar e bacías dos regueiros que drenan as áreas occidentais), tendentes a asegura-la recuperación da dinámica tradicional marismeña no interior da marisma de Doñana. O citado proxecto forma parte do conxunto de actuacións impulsadas polo Goberno como consecuencia da catástrofe mineira de Aznalcóllar.

Dentro das citadas actuacións, previuse todo un paquete de importantes obras correctoras de carácter hidráulico e ambiental, que permiten asegurar e completa-la necesaria rexeneración integral da bacía e dos terreos estremeiros que constitúen todo un referente sobre un novo modelo de xestión e restauración das augas acorde coa conservación da natureza, que pola súa clara necesidade e singularidade xustifica a súa declaración como obras públicas de interese xeral.

A este respecto, con tales actuacións preténdese en esencia un triple obxectivo: por unha parte, evita-la incorporación ó interior da marisma de Doñana de augas contaminantes ou cargadas de sedimentos, con obxecto de que non se incorporen ós sistemas acuíferos; por outra, conseguir antes do ano 2005 as achegas de auga, en cantidade e calidade necesarias para recupera-la dinámica tradicional da marisma de Doñana e a funcionalidade dos ríos, regueiros e canos correspondentes; e,

por último, manter de forma ininterrompida a permeabilidade entre a marisma de Doñana e o esteiro do río Guadalquivir, asegurando a incorporación de caudais, cando sexa conveniente, ou en caso contrario, evitando a intrusión destes.

A citada declaración, como obras públicas hidráulicas de interese xeral, resulta especialmente urxente neses momentos, unha vez que se ultimou a definición técnica das obras que se van realizar, ante a necesidade, dada a importancia do ecosistema que se quere protexer, de iniciar con carácter inmediato o procedemento de contratación e execución das distintas actuacións incluídas na citada declaración, o que esixe acudir ó instrumento do real decreto lei, previsto constitucionalmente para o suposto de extraordinaria e urxente necesidade.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de abril de 1999,

## DISPONGO:

### Artigo 1.

Para efectos do establecido no artigo 44 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, apróbanse e decláranse como obras hidráulicas de interese xeral, no ámbito da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir, as seguintes actuacións dirixidas especialmente á rexeneración hídrica:

1. Restauración dos regueiros de Soto Chico e Soto Grande e do regueiro da lagoa de Los Reyes.
2. Depuración das augas residuais de El Rocío.
3. Restauración do regueiro de El Partido.
4. Restauración da marisma Gallega.
5. Recuperación da funcionalidade do cano Guadiamar.
6. Restauración do cano Travieso.
7. Recuperación da funcionalidade de El Brazo de la Torre.
8. Control e permeabilización da marisma fronte ó río, a El Brazo de la Torre e a Entremuros.

As finalidades e características das actuacións indicadas anteriormente recóllense no anexo deste real decreto lei.

### Artigo 2.

As obras incluídas no artigo 1 levarán implícitas as declaracións seguintes:

A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

A de urxencia, para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Disposición derradeira única.

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

## ANEXO

### Características das obras de rexeneración hídrica que se declaran de interese xeral no artigo 1

1. Restauración dos regueiros de Soto Chico e Soto Grande e do regueiro da lagoa de Los Reyes.—Ten como obxecto, entre outras actuacións, a instalación de elementos de filtraxe, descontaminación e trampas de sedimentos, se for preciso, así como a eliminación das actuais canles artificiais como consecuencia da rede de drenaxe do predio «Cortijo de los Mimbrales» e en particular pola canle do mesmo nome, o que vén motivando a regresión da vexetación característica dos regueiros de Soto Grande e Soto Chico, ó producirse a alteración do seu réxime hidrolóxico, afectando todo o seu sistema ecolóxico asociado, así como a sedimentación de áreas na marisma de El Rocío, co que se produce a colmatación e diminución da superficie da súa lámina de auga.

A súa finalidade é, pois, aborda-la rexeneración do réxime hidrolóxico como consecuencia da citada rede de drenaxe do predio expresado, dada a sedimentación de áreas na marisma, o impacto sobre a fauna e a paisaxe, así como contaminación agrícola das augas.

De acordo con iso, preténdese a restauración do réxime hidrolóxico natural da vexetación existente, así como a de carácter topográfico e paisaxístico, evitando, por último, a sedimentación de áreas na marisma.

2. Depuración das augas residuais de El Rocío.—Consiste na construción dunha depuradora específica, dado que a actual se atopa inutilizada polas súas propias características de deseño e polo proceso de erosión/sedimentación que experimentou a bacía onde esta está situada. Para tal efecto, coa construción da nova depuradora absorberanse as augas residuais de El Rocío, mesmo nos momentos de maior poboación estacional, para tratar e verte-las augas depuradas á marisma unha vez que alcancen os parámetros de calidade esixidos pola lexislación aplicable. Igualmente, acométese a restauración ambiental integral da zona de contacto entre o núcleo habitado de El Rocío e o parque nacional.

3. Restauración do regueiro de El Partido.—Ante a sedimentación de áreas na marisma, que provocan inundacións nas zonas próximas a El Rocío, constátanse efectos ecolóxicos negativos sobre a fauna e a vexetación, así coma sobre a calidade da auga na dita marisma. Para iso, esta obra permite controla-los procesos de erosión, transporte e sedimentación na bacía do regueiro de El Partido, freando o avance do cono de dexección sobre a marisma, reduci-lo risco de inundacións en áreas habitadas e permiti-la restauración ambiental integral dunha ampla zona en contacto co Parque Nacional. Con tales actuacións preténdese, en definitiva, a restauración da dinámica hidráulica do regueiro de El Partido, recuperando a chaira de inundación e os meandros tradicionais, hoxe profundamente alterados.

4. Restauración da marisma Gallega.—O obxectivo previsto consiste na restauración do perfil orixinal dese sector da marisma, eliminando a actual rede artificial de canles, procedendo á restauración do perfil no tramo afectado do cano Guadiamar, así como ó restablecemento da continuidade hidrolóxica entre os dous sectores da marisma, posibilitando, ademais, a restauración ecolóxica e paisaxística da zona. En definitiva, coas actuacións previstas elimínase e restáurase o sistema de canos e regueiros que drenan a marisma Gallega no sector situado ó norte do parque nacional, así como a restauración da comunicación natural entre os dous sectores desta.

5. Recuperación da funcionalidade do cano Guadiamar.—Os obxectivos pretendidos consisten en recuperar-las achegas hídricas do citado cano á marisma do

parque nacional e o sector restaurado coa actuación citada anteriormente. O mesmo tempo, preténdese mellora-la calidade das augas do río Guadamar antes da súa incorporación á marisma. Búscase, igualmente, a restauración e recuperación ambiental integral do leito e do dominio público hidráulico do río Guadamar, así coma dunha ampla zona transformada pola actividade agrícola. A devandita recuperación conseguirase mediante a incorporación das achegas derivadas do expresado río en avenidas, así coma do regueiro de La Cigüeña.

6. Restauración do cano Travieso.—Ante a perda de achegas hídricas á marisma por parte do río Guadamar, así coma da transformación da zona marismeña, como consecuencia da degradación ecolóxica e paisaxística sufrida, recuperaranse as achegas hídricas do cano Travieso, tanto en cantidade como en calidade, ó mesmo tempo que se restaura o seu perfil completo e o da marisma na zona de Caracoles, restablecendo a súa continuidade.

7. Recuperación da funcionalidade de El Brazo de la Torre.—Tendo en conta a perda da funcionalidade flu-

vio-mareal de El Brazo de la Torre, a perda de achegas de auga salobre para a marisma, así como a colmatación de El Brazo, coa conseguinte degradación ambiental da zona, precísase recupera-la funcionalidade hidráulica perdida, así como as achegas de orixe mareal, dadas as positivas implicacións ecolóxicas que iso comporta, e procedese á súa restauración ambiental ó constituír El Brazo de la Torre un dos leitos máis característicos da zona, de grande interese faunístico, integrado tanto no parque natural coma no nacional, co que se pretende recupera-los hábitats ligados a aquel.

8. Control e permeabilización da marisma fronte ó río, a El Brazo de la Torre e a Entremuros.—Ante o risco de intrusión na marisma de augas contaminadas e cargadas de sedimentos, así como a distorsión do funcionamento hidrolóxico da marisma, coa perda de achegas hídricas, precísase restaura-la situación hídrica e ambiental orixinal, incluíndo a súa permeabilidade natural, asegurando e controlando a citada permeabilidade, de cara a evita-lo risco da posible incorporación de augas contaminadas.